

Sr. Alcalde Presidente
do Concello de Vigo

PAGAMENTO DOS PREZOS XUSTOS POLA EXPROPIACIÓN FORZOSA DOS
BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO PROXECTO LMT CT AVENIDA DO
AEROPORTO. IN407A 2023/153-4

De conformidade co disposto no artigo 49 do decreto de 26 de abril de 1957 que aproba o regulamento de expropiación forzosa, esta dirección territorial resolveu sinalar o día **18 de setembro de 2025**, ás **13 horas**, para o pagamento dos prezos xustos determinados polo Xurado de Expropiación de Galicia, nas dependencias da casa do concello, nas que serán convocados todos os afectados mediante comunicación individual por parte desta dirección territorial. Informámoslle, así mesmo, que o citado artigo dispón a presenza do alcalde e do secretario do concello neste acto.

Para poder realizar o pagamento das expropiacións, solicitamos que se publique a resolución de afectados no taboleiro de anuncios da casa do concello e se nos asigne unha sala para este fin.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)



Resolución do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o pagamento dos prezos xustos polas imposicións de servidumes de paso para a execución do proxecto denominado LMT CT Avenida do Aeroporto, no Concello de Vigo, do que ten a condición de beneficiaria da expropiación a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A.. IN407A 2023/153-4

O Xurado de Expropiación de Galicia notificou aos interesados, á empresa beneficiaria da expropiación e a esta directora territorial os acordos que determinan os prezos xustos polo establecemento das servidumes de paso nas fincas que se citan na relación que se anexa.

De acordo có establecido nos artigos 48.1 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e 48.2 e 49 do seu regulamento aprobado mediante decreto de 26 de abril de 1957, resolvo sinalar o día 18 de setembro de 2025, ás 13 horas, na casa do Concello de Vigo como lugar de convocatoria para o pagamento dos prezos xustos das fincas situadas nese concello.

A este acto deberá concorrer o Sr. Alcalde, o Secretario do concello, o representante deste Departamento Territorial e o representante da empresa beneficiaria da expropiación. Os expropiados recibirán unha liquidación detallada do pagamento e farase constar nunha acta as persoas que concorran e as incidencias producidas.

Esta resolución será comunicada ao alcalde do Concello de Vigo para a súa publicación no taboleiro de anuncios da casa do concello, e notificada individualmente aos afectados.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

LMT CT Avenida do Aeroporto			
Nº	Referencia catastral	Paraxe	Titular
1	8061806NG2786S0001GJ	Avda. Do Aeroporto	Ermita Bastos Hermida

